



## XUNTA XERAL ORDINARIA 2ª/2022

Acta da sesión que tivo lugar o día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e dous.

En Santiago de Compostela, ás 20.00 h, reúnese a Xunta Xeral do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, baixo a presidencia do seu decano, D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, e na que participan os seus membros, D. Javier Constenla Vega, D<sup>a</sup> María del Carmen González Ferro, D<sup>a</sup> Patricia López Arnos, D. Manuel F. Martín García, D. Ramón Quintela Miramontes e D<sup>a</sup> Margarita Ruiz Núñez. Tamén asisten, o secretario técnico do Colexio, D. Manuel Arza Galán, e as colexiadas D<sup>a</sup> Raquel García Varela e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Fonseca Cao.

### ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral**
- 2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2023**
- 3. Rogos e preguntas**

#### **1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR**

Sométese a votación a acta da sesión anterior, que é aprobada por unanimidade.

---

#### **2. EXAME E VOTACIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023**

O tesoureiro e o secretario técnico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dan conta do orzamento para o ano 2023, que a continuación se detalla:

## MEMORIA

### 1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2023, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías co fin de contribuír á súa dixitalización. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos (bases de datos na web), así como a implantación da sede electrónica.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2023 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta con respecto ao dos exercicios anteriores como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua (fomentando a formación en liña) dos colexiados e das novas tecnoloxías.

### 2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 805.308 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:



- A partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil mantense con respecto ao ano anterior, dado que se conseguiu manter a mesma prima que na anualidade anterior. A cantidade total sofre un incremento, pero é debido ao incremento do número de colexiados asegurados. Para ese exercicio mantense a subvención do Colexio de 100.000 euros por anualidade, que se reparte entre todos os asegurados.
- Incrementábase a partida correspondente a “Congresos e outras actividades”, debido a que para o ano 2023 está prevista a realización do Congreso Nacional da Avogacía, coa consecuente concesión de axudas aos colexiados e colexiadas para cubrir os gastos de inscrición, así como os gastos de desprazamento dos membros da Xunta de Goberno que asistan en representación do Colexio.
- Incrementábase considerablemente a partida correspondente a “Gastos da sede colexial - Electricidade” debido ao incremento da tarifa eléctrica.
- Redúcese a partida correspondente ao apartado “Letrados” (649.1, 623.5 e 623.6) debido á redución da subvención do concello para o convenio da vía previa e a falta de convenio en materia de mediación intraxudicial familiar. Tamén se reduciu a subvención de mediación penal.
- A partida correspondente a “Gastos de persoal” incrementábase arredor dun 2 % debido á previsible subida anual que establece o convenio de oficinas e despachos.
- A partida “Transferencias consellos – censo” sofre unha pequena redución debido ás baixas de colexiados residentes durante o ano anterior.
- Redúcese a partida correspondente a “Bases de datos – web colexial” xa que se renegociaron as cantidades pagadas pola subscrición das bases de datos, que manteñen o mesmo servizo e incluso o melloran.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

### 3. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 805.308 €.

As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementábase a partida correspondente a “Recadación de cotas do seguro de responsabilidade civil”, debido ao incremento de colexiados asegurados. A subvención do Colexio para a esta póliza seguirá sendo un ano máis de 100.000 euros, que se reparte entre todos os asegurados.
- Redúcese á partida correspondente a “Cotas periódicas” debido á redución do número de colexiados, baixas colexiais (sobre todo en colexiados non exercentes durante o exercicio anterior). Como vén sendo habitual en

exercicios anteriores, as cotas colexiais trimestrais non sofren incremento ningún.

- Redúcese a partida “Ingreso por subvencións” debido á falta de renovación do convenio de mediación intraxudicial familiar e á redución da subvención aos convenios de mediación penal e da vía previa do Concello.
- Incrementábase notablemente a partida correspondente a “Xuros de contas correntes”, ao contratarse un depósito con Mutualidad de la Abogacía “Seguro de vida ahorro para instituciones”, que ten un xuro mínimo anual do 1,5 %, o que pode xerar uns xuros de 5.500 euros anuais aproximadamente.
- Incrementábase a partida “Outros ingresos – Mutualidad/vLex/Aon”, ao incrementarse as cantidades que nos aboarán estas tres entidades polos acordos de colaboración.
- O resto das partidas non sofren variacións importantes en relación cos exercicios anteriores.

### Conclusións

Elaborouse un orzamento de gastos e ingresos continuísta e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2023.

## ORZAMENTO 2023

			2023
<b>GASTOS</b>			<b>805.308</b>
<b>I. SERVICIOS E ACTIVIDADES</b>			<b>284.455</b>
<b>1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA</b>			<b>23.866</b>
601.2 601.3 601.1	1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio		20.866
651.1, 651.2, 654	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio		3.000
<b>1.2 OUTRAS ACTIVIDADES - SEGUROS</b>			<b>238.089</b>
625.1,625.4	1.2.b Seguro responsabilidade civil		226.859
625.2	1.2.c Outros seguros, accidentes queda de oficio		5.000
625.5	1.2.d Póliza decesos		3.730



625	1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade)	2.500
	<b>1.3 OUTROS SERVIZOS</b>	<b>22.500</b>
6292, 65,7	1.3.a Congresos e outras actividades	9.500
6291 ,6291.1, 6291.2, 623	1.3.b Formación, xornadas e cursos	10.000
65	1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica	3.000
	<b>II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN</b>	<b>152.201</b>
	<b>2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES</b>	<b>22.000</b>
623 629.14	2.1.a Xestoría, asesoría contable e gab. comunicación	14.000
649.1, 623.5, 623.6	2.1.b Letrados: mediación penal e vía previa	8.000
	<b>2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL</b>	<b>33.780</b>
622.1, 622,2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	17.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	480
6282	2.2.c Auga e outros	300
6281	2.2.d Electricidade	16.000
	<b>2.3 GASTOS OFICINA</b>	<b>26.850</b>
602	2.3.a Material de oficina	5.000
6028007, 6028010	2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel)	16.850
629, 601.16	2.3.c Gastos diversos	2.500
	2.3.d Material informático	2.500
	<b>2.4 COMUNICACIÓNS</b>	<b>9.736</b>
629.6	2.4.a Mensaxería	4.700
6283.1, 6283.3	2.4.b Telefonía	4.436
629.5	2.5.d Outros	600
	<b>2.5 ARRENDAMENTOS</b>	<b>3.500</b>
621.6	2.5. a Renting	3.500
	<b>2.6 BIBLIOTECA</b>	<b>49.735</b>
6028006	2.6.a Adquisición libros (códigos e outros)	2.500
6293000	2.6. b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca	9.060
	2.6.c Bases de datos - web	38.175
	<b>2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS</b>	<b>6.600</b>
629.7	2.7.a Guía colexial	3.000
629.8	2.7.b Carné colexial	1.000
629.11	2.7.c Adquisición de togas - limpeza	1.000
629,13	2.7.d Revista colexial	600
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	1.000

	<b>III. PERSOAL</b>	<b>294.361</b>
	<b>3.1. GASTOS DE PERSOAL</b>	
64,641	3.1.a Soldos e salarios	199.359
642	3.1.b Seguridade Social	66.516
64.25, 642	3.1.c Gastos de persoal EPX (salario e Seg. Social)	28.486
	<b>IV. OUTROS GASTOS</b>	<b>1.791</b>
	<b>4.1. OUTROS GASTOS</b>	
631	4.1.a. Contribucións e impostos	1.791
	<b>V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS</b>	<b>72.500</b>
	<b>5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS</b>	
620	5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española	52.800
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega	19.700

		<b>2023</b>
	<b>INGRESOS</b>	<b>805.308</b>
	<b>I.- INGRESOS PROPIOS</b>	<b>777.608</b>
	<b>1.1 PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>	<b>140.358</b>
705.7	1.1.a. Ditames e informes	4.000
705,3, 721,5	1.1.c Cursos e xornadas	1.000
705.4, 705.9, 754.0	1.1.d Outros ingresos	8.000
721,6	1.1.e Cotas seguro resp. civil	126.858
705.6	1.1.f P.I. Catastral	500
	<b>1.2 COTAS COLEXIAIS</b>	<b>530.250</b>
721.2	1.2.a. Cotas de incorporación	5.400
721,1	1.2.b Cotas periódicas	452.350
721.4	1.2.c Cotas censos CGAE e CAG	72.500
	<b>1.3 INGRESOS POR SUBVENCIÓNS</b>	<b>107.000</b>
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX	72.500
74.3	1.3.b. Subvs. Xunta de Galicia (galego e mediación penal)	30.000
741	1.3.c Outras subvencións (concello – vía previa)	4.500



	<b>II.- INGRESOS FINANCEIROS</b>	<b>5.500</b>
	<b>2.1. XUROS CONTA CORRENTE / Mutualidade</b>	5.500
	<b>III.-OUTROS INGRESOS</b>	<b>22.200</b>
	<b>3.1. VARIOS</b>	<b>21.100</b>
755	3.1.a San Raimundo	8.000
759,778 754,1,723.0	3.1.b Outros ingresos (Mutua/vLex/Aon)	10.600
705.18	3.1.c Venda de códigos e outros	2.500
	<b>3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE</b>	<b>1.100</b>
723.2	3.2.a Publicidade guía colexial e web	1.100

Unha vez sometido a debate e a votación, o orzamento para o exercicio 2023 é aprobado por unanimidade de todos e todas as presentes.

### 3. ROGOS E PREGUNTAS

A colexiada D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Fonseca Cao fai uso da palabra para propoñer que se valore a posibilidade de crear unha lista de reserva da quenda de oficio para o nadal.

O decano Sr. Rabuñal Mosquera intervén para agradecer a proposta formulada pola Sra. Fonseca Cao e sinalar que se estudará a súa creación de cara ao ano vindeiro.

E, ao non haber máis asuntos que tratar, rematamos a sesión en Santiago de Compostela, o día 27 de decembro de 2022. Como secretario, dou fe.

O decano

O secretario